

ACTA DE REALIZACIÓN DA PROBA ORAL DE LINGUA GALEGA DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TELEFONISTA/RECEPCIONISTA NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

No Salón de Plenos do Concello de Salvaterra de Miño, sendo as 9:30 horas do día 13 de marzo de 2024, reúnese o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para cubrir unha praza de telefonista/recepcionista, correspondente á convocatoria de selección de persoal laboral fixo no proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Salvaterra de Miño, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 37 de 22 de febreiro de 2023, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidente: Ricardo Moledo Varela, Telefonista adscrito ó Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación Provincial de Pontevedra.

Secretaria: Ruth Belén Lis Álvarez, funcionaria pertencente ó grupo C2 da Xunta de Galicia.

Vogais:

Rocío de Sinde Penas, Técnica de xestión do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra

Beatriz Domínguez Riobó, funcionaria pertencente ó grupo C2 da Xunta de Galicia

Reunido o Tribunal cualificador, a Secretaria toma a palabra e dá conta do seguinte:

- O obxecto da reunión é a realización da proba oral de galego do proceso selectivo de referencia.
- A única persoa aspirante emprazada para a realización da proba de galego, Sara García Bárcena, non se presenta.

Atendendo ao anterior, e transcorrido o prazo de alegacións sen recibir ningunha ao respecto, o Tribunal acorda elevar a definitivas as puntuacións outorgadas na fase de concurso, resultando a seguinte relación de persoas aprobadas por orde de puntuación:

Aspirante	Experiencia Profesional	Outros méritos				Puntuación total
		Superación Procesos Selectivos	Cursos de formación	Coñecemento lingua galega	Titulación superior, master ou postgrao	
Paula González Grandal	90 puntos	4 puntos	4 puntos	1 punto	0,5 puntos	99,5 puntos
María de la Calle Ramos	5 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	0,5 puntos	5,5 puntos
Sara García Bárcena	0,55 puntos	0 puntos	1,3 puntos	0 puntos	0,5 puntos	2,35 puntos

Á vista do anterior, o Tribunal cualificador, de conformidade co disposto na base novena da convocatoria, propón a contratación de D^a. PAULA GONZÁLEZ GRANDAL, como Telefonista/Recepcionista, persoal laboral fixo do Concello de Salvaterra de Miño.

De acordo co previsto nas base décima da convocatoria, a persoa proposta deberá achegar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpre cos requisitos esixidos para ingresar na función pública local, no prazo de (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de persoas aprobadas.

No caso de non presentar a documentación anterior dentro do prazo fixado, salvo nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderá ser nomeada persoal do Concello e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

Finalmente, dado o carácter de requisito do coñecemento da lingua galega, propónse a exclusión deste proceso selectivo a Dª Sara García Bárcena, que non o acreditou nin tampouco realizou a proba oral correspondente á que se lle emprazou no día de hoxe.

E non sendo outro o obxecto da reunión, dáse por finalizada a mesma, sendo as 10:00 horas do día arriba indicado, estendéndose a presente acta de todo o que, como Secretaria, dou fe.

Asinado dixitalmente polo Presidente e Secretaria deste Tribunal,